



## Acordo des préstamo de obras para exposicións

<b>TÍTULO DA EXPOSICIÓN</b>	
<b>INSTITUCIÓN PETICIONARIA</b>	
<b>NOME E ENDEREZO PERSOA RESPONSABLE</b>	
<b>EMPRESAS DE TRANSPORTE E MONTAXE</b>	
<b>LUGAR E DATAS DE INAUGURACIÓN E CLAUSURA</b>	

O préstamo de obras para exposicións é unha forma de contribuír á maior difusión dos fondos desta Biblioteca Nacional de España. En atención ao número de solicitudes de préstamo para exposicións recibidas e co obxecto de harmonizalas coas funcións encomendadas á Biblioteca Nacional de España, establécense as seguintes normas de préstamo.

### 1. Petición de préstamo

A petición de obras da BNE en préstamo realizarase mediante carta dirixida á Dirección da Biblioteca Nacional de España, que deberá ter entrada cunha antelación mínima de seis meses respecto da data inauguración da exposición.

O préstamo de toda obra estará suxeito a consideracións de tipo científico ou técnico e, en todo caso, supeditado ao estado de conservación desta, que deberá ser estimado pola Biblioteca Nacional de España.

### 2. Obxecto e contido

A solicitude de préstamo de obras debe acompañarse dun informe no que se detalle o obxecto e contido da exposición, especificando, en todo caso, os seguintes puntos:



1. Motivo da mostra e oportunidade de inclusión das obras solicitadas nesta, debendo terse en conta que só se accederá ao préstamo de obras cando se trate de pezas insubstituíbles e directamente relacionadas co tema da exposición.

2. Relación completa das obras solicitadas, na que deberá figurar: Signatura topográfica

Autor

Título

Lugar, editorial ou imprenta, ano de edición ou impresión e, no caso de manuscritos, lugar e data de produción

N.º de volume e, no caso de publicacións periódicas, data concreta, ano, mes, día e/ou número da publicación

Medidas

Páxina pola que se desexa expoñer a obra

No caso de debuxos, gravados e mapas, engadirase a técnica utilizada

O número de pezas solicitadas non superará as vinte (20) obras. No caso de que a petición supere ese límite, estudarase a posibilidade de ampliar o número de obras atendendo a razóns de especial interese da mostra ou difusión das coleccións da Biblioteca Nacional de España. A Biblioteca Nacional de España resérvase o dereito a solicitar a súa inclusión nos créditos da mostra cando a súa participación supere o 50% do total das obras expostas na mostra ou cando o préstamo supere as 50 obras.

Non se autorizarán aquelas solicitudes nas que as obras non aparezan plenamente identificadas.

3. Lugar e datas de realización da mostra. Calquera cambio de sede e/ou datas deberá ser comunicado coa debida antelación á Biblioteca Nacional de España, quen deberá autorizar expresamente os citados cambios.

4. Informe sobre as condicións ambientais das salas e plano destas, especificando: valores de humidade relativa e temperatura, intensidade luminosa (lux) e características da iluminación prevista en sala e vitrinas, e descrición das infraestruturas de climatización e iluminación que garantan as condicións requiridas.

5. Condicións de seguridade:

Finalidade habitual das salas Materiais de construción Sistemas de alarma

Dispositivo de vixilancia e seguridade física e electrónica

Plano da sala onde se indiquen as condicións desta

Gráfica de humidade e temperatura da sala



Planos e características das vitrinas, materiais externos e internos que as compoñen, especialmente daqueles elementos que estean en contacto directo coas obras.

A cesión das obras estará condicionada á aprobación previa, por parte da Biblioteca Nacional de España, das condicións técnicas da sala e das vitrinas. A Biblioteca Nacional de España poderá solicitar para determinadas obras, polo seu valor ou polo seu estado, condicións especiais de conservación referentes ás características da vitrina (individual, climatizada, etc.).

6. Calquera cambio nas condicións ambientais, de seguridade, de vitrina ou das condicións de exhibición das obras deberá ser comunicado coa debida antelación á Biblioteca Nacional de España, e aprobado por esta, e se reservará o dereito a revogar o préstamo.

### **3. Duración das exposicións**

O préstamo farase para unha soa sede e só se autorizará unha itinerancia. Os libros poderán estar abertos pola mesma páxina durante 90 días como máximo. Transcorrido ese período de tempo, procederase ao cambio de páxina, manipulación que deberá realizar sempre un correo da Biblioteca Nacional de España, que acudirá nas mesmas condicións establecidas no punto 13. O período de préstamo dunha mesma obra non superará os 180 días (6 meses) de exposición efectiva ao ano. Esgotado este período, as obras non poderán ser prestadas ata pasados 4 anos. No caso de debuxos, fotografías do s. XIX, manuscritos dunha folla e mapas manuscritos, unicamente poderán ser prestados durante 90 días como máximo.

### **4. Restauración**

A Biblioteca Nacional de España resérvase o dereito a decidir se as obras serán restauradas ou non tendo en conta o seu estado de conservación e outros aspectos científicos e técnicos.

No caso dos libros, documentos, debuxos e obra gráfica, a entidade organizadora asumirá os gastos da intervención cando a BNE o considere conveniente.

No caso de cadros, estatuas, mobiliario e obxectos en xeral, todos os custos asociados á restauración deberán ser asumidos polo prestameiro, incluídos os gastos correspondentes ao transporte e seguro das obras para a súa restauración fóra da BNE.

Cando a restauración se realice por contratación externa, a BNE solicitará, sempre que sexa posible, un mínimo de tres ofertas, reservándose o dereito de seleccionar a que considere máis conveniente dende o punto de vista técnico.

No caso de que nos créditos do catálogo se faga referencia aos traballos de restauración, deberá mencionarse ao Laboratorio de Restauración da Biblioteca Nacional de España como responsable destes.



## 5. Orde ministerial

Segundo o disposto no artigo 63.3 da Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español, todas as obras da Biblioteca Nacional de España requiren unha Orde ministerial que autorice expresamente a súa saída.

Na Orde ministerial fixarase o valor de cada unha das obras obxecto do préstamo, de acordo coa taxación realizada pola Biblioteca Nacional de España.

Toda a documentación necesaria para a obtención da pertinente Orde ministerial deberá estar en posesión da Biblioteca Nacional de España polo menos un mes antes da data prevista para a saída das obras, no caso contrario, a Biblioteca Nacional de España non garantirá a saída das obras.

## 6. Autorizacións de exportación. Alfándegas

A exportación temporal de pezas con destino a exposicións que se realicen fóra do territorio español estará condicionada á aprobación pola Xunta de cualificación, valoración e exportación de bens do Patrimonio Histórico Español. A entidade organizadora da exposición será responsable dos trámites aduaneiros.

Toda a documentación necesaria para a obtención do pertinente Permiso de Exportación deberá estar en posesión da Biblioteca Nacional de España polo menos un mes antes da data prevista para a saída das obras, ou data anterior que se estableza, no caso contrario, a Biblioteca Nacional de España non garantirá a saída das obras.

## 7. Seguro

A entidade prestameira deberá contratar unha póliza de seguro a todo risco "cravo a cravo" que cubrirá todo o tempo que as obras permanezan fóra da Biblioteca Nacional de España, trasladados incluídos, na que se especificará o valor individual de cada obra en euros. O beneficiario será sempre a Biblioteca Nacional de España e deberá incluír expresamente as seguintes cláusulas, sen as que non se considerará válido:

Institute Cargo Clauses A (ICCA)

Institute Strikes Clauses, incluíndo cobertura de terrorismo durante a estadía das obras

Institute War Clauses

Cláusula de exoneración

Cláusula de depreciación e/ou demérito artístico Cláusula de danos por feitos malintencionados Cláusula de opción de recompra sen límite de duración Cláusula de museo



Cláusula de liquidación de siniestros sen franquía

Cláusula de truncamento

Cláusula de marcos

Cláusula de exclusión por contaminación radioactiva

Cláusula de cristal (se procede)

A entidade organizadora deberá entregar o certificado de seguro á Biblioteca Nacional de España polo menos 3 días antes de proceder á retirada das pezas. Cando se trate de exposicións que se realicen fóra de España, o certificado de seguro deberá entregarse polo menos un mes antes da saída das obras da BNE. En ningún caso as obras sairán sen que o citado certificado se encuentre en poder da Biblioteca Nacional de España. A Biblioteca Nacional de España resérvase o dereito de rexeitar a compañía aseguradora proposta pola entidade organizadora.

En caso de que o prestameiro desexe facer uso do sistema de Garantía do Estado, requirirase a autorización expresa da Biblioteca Nacional de España.

## **8. Embalaxe e transporte**

A embalaxe e transporte deberá ser realizado por unha empresa especializada no transporte de obras de arte con acreditada experiencia no sector e sempre de acordo coas especificacións establecidas pola Biblioteca Nacional de España.

A Biblioteca Nacional de España resérvase o dereito de rexeitar a empresa de transporte proposta polos organizadores.

As obras irán debidamente embaladas, tanto á ida coma ao regreso, e deberán efectuarse as operacións de embalaxe e desembalaxe baixo a supervisión de persoal da Biblioteca Nacional de España.

Todas as obras deberán transportarse dentro de caixas acondicionadas contra a humidade, cambios de temperatura, golpes e calquera outra circunstancia que as puidese poñer en perigo. Pecharanse con parafusos e precintos de seguridade. Todos os custos de embalaxe e desembalaxe correrán a cargo da entidade organizadora, e o material de embalaxe quedará en propiedade da Biblioteca Nacional de España.

O organizador ou, no seu defecto, a empresa de transporte remitirá á Biblioteca Nacional de España un plan de viaxe e un programa de traballo no que se especifiquen todos os termos do traslado, viaxe e estadía do correo, persoas de contacto e toda aquela información necesaria.

O transporte terrestre realizarase en vehículos de máxima seguridade protexidos contra o roubo e acondicionados para o transporte de obras de arte que cumpran a normativa vixente sobre transporte e seguridade.



Para o transporte aéreo elixíranse voos directos e, no seu defecto, aqueles que realicen menos escalas e con traxecto máis curto. As obras deberán viaxar en contedores, palés ou extra-seat.

Como norma xeral, cando a valoración das obras supere os 500.000 € ou cando a Biblioteca Nacional de España o considere necesario, requiriranse os servizos dunha axencia de seguridade durante o traslado, a cargo tamén da entidade organizadora.

A data de embalaxe e transporte será acordada entre a entidade organizadora e a Biblioteca Nacional de España. O transporte á sala de exposicións realizarase directamente dende a Biblioteca Nacional de España e non se fará con máis de 4 días de antelación á data de inauguración da mostra, agás autorización expresa da Biblioteca Nacional de España.

## 9. Condicións ambientais de exposición

A entidade organizadora da exposición deberá garantir a seguridade e conservación das obras expostas asegurando unha vixilancia permanente e sistemas adecuados de detección e extinción de incendios.

Manteranse escurpulosamente os valores de humidade e temperatura, que estarán comprendidos entre 19 °C +/- 1 °C e entre 40 e 50% HR de forma xeral. Así mesmo, evítanse as oscilacións, que non poderán superar 1 °C nin 5% HR ao día.

A iluminación será indirecta e non poderá exceder de 50 lux para as obras en soporte papel e entre 150-200 lux para a pintura. En ningún caso se poderán expoñer as obras baixo iluminación solar directa, deberán cubrirse con elementos non removibles doadamente, como ventás, cristaleiras, claraboias ou calquera outra fonte de luz natural.

A Biblioteca Nacional de España pode facer constar nos seus informes previos á exposición a necesidade de variar os valores recomendados, sempre que as características especiais das pezas así o esixan.

A instalación das obras realizarase en vitrinas pechadas, afastadas de fontes de calor, evitando o emprego de calquera elemento punzante, adherente, abrasivo, etc., que poida danar as obras. A distancia mínima entre o interior da vitrina e a peza instalada non será nunca inferior a 5 cm. Cando a montaxe dunha obra non requira un atril e poida apoiarse directamente sobre a base da vitrina, esixírase que a devandita base estea forrada con tea de algodón, lenzo ou cartón neutro.

Cando o considere oportuno, a Biblioteca Nacional de España instalará dentro da vitrina equipos de medición de humidade e temperatura.

A Biblioteca Nacional de España resérvase o dereito de inspeccionar as condicións de instalación e seguridade das salas de exposicións, de solicitar en calquera momento gráficas de humidade temperatura e de retirar as pezas no caso de que estime que aquelas son inadecuadas.



En ningún caso, as obras da BNE poderán ser filmadas ou fotografadas mentres estean expostas, nin por particulares nin por medios de comunicación, con independencia dos seus fins, agás con autorización expresa da BNE.

## **10. Montaxe das obras**

As obras instalaranse seguindo as indicacións dadas pola BNE. De xeito xeral, os libros colocaranse sobre atrís confeccionados á medida, en metacrilato, cartón de conservación ou cartón pluma de conservación, coidando de que o ángulo de apertura coincida co mencionado nos informes de estado. De modo xeral, este non superará os 90º, agás nos casos en que se sinala expresamente.

Os atrís serán confeccionados e sometidos á aprobación da Biblioteca Nacional de España con anterioridade á saída das obras. Os gastos de deseño e confección dos atrís correrán a cargo da entidade organizadora. Os atrís quedarán en propiedade da Biblioteca Nacional de España se así se require.

As vitrinas onde se instalen as obras pecharanse en presenza do correo da Biblioteca Nacional de España e non poderán ser abertas ata a súa desmontaxe, agás autorización expresa da Biblioteca Nacional de España, e sempre en presenza de correo designado por esta.

Os debuxos, mapas, gravados, fotografías, carteis, tarxetas e follas soltas e calquera outra obra que se estime oportuno sairán da Biblioteca Nacional de España montados en carpetas paspartú de cartolina neutra, enmarcados con metacrilato ou, coa autorización previa, en cristal calidade museo ou blindado, segundo as indicacións que realice o persoal técnico da Biblioteca Nacional de España. Os marcos quedarán en propiedade da Biblioteca Nacional de España.

Unha vez montadas as obras, non poderán ser desenmarcadas nin sufrir ningún tipo de manipulación nin traslado nin ser removidas da súa situación por ningunha causa, sen autorización expresa da Biblioteca Nacional de España, e sempre en presenza do correo designado pola Biblioteca Nacional de España.

A entidade organizadora responsabilizarase da montaxe e farase cargo dos gastos que orixine. O material da montaxe quedará en propiedade da Biblioteca Nacional de España se así se require. Unha vez devoltas as obras, deberán ser desembaladas o mesmo día da entrega ou, no seu defecto e coa autorización previa da Biblioteca Nacional de España, o día inmediatamente posterior. As obras enmarcadas deberán ser desenmarcadas inmediatamente despois de ser desembaladas, e os gastos correrán a cargo da entidade organizadora.

## **11. Actas de entrega**

Unha vez realizada a montaxe, acreditarase o préstamo temporal mediante a sinatura dunha acta de entrega que será asinada polo correo designado pola Biblioteca Nacional de España e o responsable de mostra. Se algunha circunstancia o fixera aconsellable, nela indicárase o estado de conservación



dos documentos prestados e as condicións en que se deben expoñer de acordo coas características do material.

## **12.Reproducción de documentos e catálogo**

### **Reproduccións de seguridade:**

O préstamo de obras implica que a BNE debe dispoñer dunha reprodución dixital completa – copia de seguridade –. Cando as pezas non contén, na data de solicitude do préstamo, cun soporte alternativo destas características, a entidade solicitante asumirá o custo da súa obtención, calculado a partir de prezos públicos vixentes. O soporte dixital quedará en propiedade da BNE.

A BNE iniciará a reprodución das obras unha vez aboado o importe do presuposto remitido polos Servizos de Reprografía.

### **Reproduccións para catálogo:**

Todas as reproducións serán facilitadas polos Laboratorios de Fotografía e Dixitalización da BNE. Para ilustrar o catálogo ou calquera outra publicación relacionada coa exposición, poderanse solicitar, debidamente identificadas, reproducións dixitais en cor de alta resolución.

O custo das reproducións para catálogo e para uso público realizarase de acordo cos prezos públicos vixentes e aboarase á recepción do presuposto emitido polos Servizos de Reprografía da BNE.

O envío das reproducións realizarase unha vez recibido o documento acreditativo do pagamento.

Nos créditos fotográficos mencionarse a procedencia das reproducións como Laboratorio Fotográfico da Biblioteca Nacional de España.

A entidade organizadora xestionará previamente a autorización para uso público dos fondos solicitados que así o requiran de acordo coa lexislación vixente.

De ser publicado un catálogo, deberán enviarse 5 exemplares ao servizo de Exposicións da Biblioteca Nacional de España.

## **13.Mención/cita da Biblioteca Nacional de España**

Tanto nas fichas ou citas no catálogo coma nas tarxetas descritivas da exposición, a Biblioteca será citada como segue: “Biblioteca Nacional de España”.





## 14. Correo das obras

Como norma xeral e salvo indicación expresa, a Biblioteca Nacional de España enviará, xunto coas obras que se presten, persoal que supervise o seu transporte e instalación nas salas de exposición. A Biblioteca Nacional de España enviará máis dun correo, sempre que o considere necesario, en función do número ou a importancia das obras. Todos os gastos de desprazamento, que se realizará no medio de transporte elixido pola Biblioteca Nacional de España, e estadaía correrán a cargo da entidade organizadora da exposición.

O importe das axudas de manutención que, en ningún caso, de acordo coa lei, estarán suxeitas a ningún tipo de retención fiscal, computarase de acordo cos baremos oficiais establecidos para os funcionarios da Administración do Estado. Aboarase a axuda de manutención enteira con independencia da hora de saída e/ou chegada. O correo recibirá as axudas en efectivo antes da súa saída da Biblioteca Nacional de España ou na mesma sala de exposicións. Os prestameiros faranse cargo do aloxamento, con almorzo incluído, nun hotel de categoría \*\*\* (turista superior) como mínimo, situado preto da sede da exposición. En xeral, as estadaías dos correos serán de 2 días/1 noite de hotel en España, 3 días/2 noites de hotel en Europa e Canarias e 6 días/5 noites de hotel en viaxes intercontinentais. A Biblioteca Nacional de España poderá requirir estadaías máis longas en función do número de pezas prestadas ou das súas características. Se por necesidades de montaxe houberse que prolongar a estadaía do correo, o organizador correrá con todos os gastos.

En viaxes que requiran unha escala e o correo se desprace coa obra en man, esixirase a presenza dun axente da compañía de transportes na zona ou zonas de tránsito como apoio para solucionar posibles incidencias (tramitación aduaneira, atrasos, cancelacións, etc.).

Cando as obras viaxen xunto ao correo na cabina de pasaxeiros do avión, requirirase un billete de avión de clase preferente ou similar e asento adicional para o maletín. Así mesmo, cando a duración do desprazamento supere as cinco horas, incluídos transbordos e/ou escalas, o correo da Biblioteca Nacional de España viaxará en clase preferente ou similar. Os desprazamentos dende/cara ao aeroporto ou estación, e outros derivados do traballo do correo, serán aboados polos organizadores en efectivo tras a presentación dos correspondentes recibos.

A entidade organizadora contratará unha póliza de seguro de enfermidade e accidentes para o correo cando a exposición teña lugar en países non pertencentes á Unión Europea.

## 15. Devolución

Concluída a exposición, as pezas serán devoltas directamente á Biblioteca Nacional de España nun prazo máximo dunha semana, sen que medie un máximo de tres días dende a finalización da mostra e a reembalaxe. En ningún caso se superará o prazo máximo que figura na Orde ministerial. Ao recibir as obras, a Biblioteca Nacional de España revisará o estado de conservación dos documentos devoltos para detectar calquera posible deterioración.

De se producir algunha incidencia, a Biblioteca Nacional de España resérvase o dereito a esixir responsabilidades.



## 16. Aceptación das Normas

A devolución á Biblioteca Nacional de España deste documento debidamente asinado é requisito indispensable para a concesión do préstamo.

Declaro coñecer e aceptar estas normas xerais e comprométome a cumprilas e, en virtude do cal, o asino.

Asinado: O responsable da entidade organizadora